



Eva Díez. #Sen título. 2016

Fisuras. I.

Como reflectirnos no espello e obviar as sombras?
Como pecharlle o paso á creba, á rotura?

Diante do mesto fixéronnos crer que só había furados –que o mar estaba baleiro, que a terra estaba baleira, e nós, nós mesmas estabamos tamén baleiras– e as nosas palabras definían a nada como se houbo algo errado na súa existencia. Non a nós, senón moito antes, convencéronnos de que había que cambialo todo e castigaron as resistencias a cambialo todo

No espello, o noso é un retrato roto, sementado de fisuras.
Fuximos das sombras, cubrimos as fendas nos ollos para non mirar como nos comeu a desfeita, como fomos incapaces de manexar a devastación.
Herdamos un corpo luído e dentro del e cara el sentimos un amor extraño, unha calor que nos pega ao chan e nos arreda del

Como ser parte da gran historia que nos expulsa?
Como identificarnos co que non sabemos se nos pertence?
Como contar a nosa, as nosas historias das marxes?
Como precisar daquilo que non recoñecemos esencial?

A imaxe no espello e na fiestra son a mesma cousa; unha beleza que incomoda, unha vergonza porfiada. O lume que nos tenta diante dun corpo en convulsión, que nos pide arrasalo todo e comezar de novo

Lara Dopazo Ruibal